

Duplicación sen fíos

Sitio: [Plataforma de Teleformación Galega](#)
Curso: G2401141 - Módulo ECO. Paneis dixitais interactivos
Libro: Duplicación sen fíos

Impreso por: María Montserrat Iglesias Rivera
Data: xoves, 27 de marzo de 2025, 9:15 AM

Descrición

Duplicación sen fíos

Táboa de contidos

1. [Habilitación do panel como punto de acceso \(hotspot\). Compartición da conexión a internet.](#)
2. [Duplicación sen fíos desde outros dispositivos mediante ScreenShare \(Compartición de pantalla\)](#)


1. Habilitación do panel como punto de acceso (hotspot). Compartición da conexión a internet.

A compartición de pantalla sen fíos entre o panel e outros dispositivos precisa a conexión de todos os elementos á mesma rede.

Para o funcionamento correcto da duplicación é preciso habilitar unha conexión compartida a internet mediante a activación do panel como **hotspot (punto quente)**. É posible establecer un contrasinal para a conexión compartida.

Os dispositivos deberán conectarse a esta rede para poder realizar a duplicación. (Coa configuración actual da rede sen fíos edu.xunta.gal non é posible realizar a duplicación)

Configuración > Rede e conectividade > Punto quente



2. Duplicación sen fíos desde outros dispositivos mediante ScreenShare (Compartición de pantalla)


- O panel interactivo dispón do software **ScreenShare** para realizar a compartición sen fíos desde outros dispositivos. Permite tanto a **duplicación de pantalla** como o **envío de ficheiros**.
 - No caso de duplicación de pantalla, ScreenShare permite reflectir no panel a imaxe de ata 4 dispositivos.
 - Os dispositivos duplicadores deberán estar conectados á mesma rede que o panel. A recomendación é **habilitar o panel como punto quente (hotspot)** e conectar os clientes á rede compartida.
- Desde o dispositivo duplicador será preciso a **descarga do software cliente** (Windows, Mac, Android, IOS) desde o seguinte enderezo web: <https://www.meeting-vip.com/share>. A versión para a maqueta Abalar pódese obter directamente no seguinte [enlace](#).

ScreenShare proporciona un **código de compartición** para **vincular** os dispositivos cliente ao panel.


- Este código pode configurarse de xeito que sexa sempre visible na pantalla. No caso de resultar molesto, é posible desprazar o código simplemente mediante arrastre a outra zona da pantalla.

Code: 4 3 4 T 2 2

- Premendo no código despregarase a seguinte imaxe, que amosa información sobre a configuración do hotspot (nome da rede sen fíos e contrasinal) e posibilidade de escaneo de código QR para duplicación desde un dispositivo móbil.



- Como xa se indicou con anterioridade, é posible ocultar o código en caso de non ser necesaria a duplicación. Para ocultar desde esta mesma pantalla, facer click en **Detailed tutorial**. Na pantalla que se amosa, facendo click na roda dentada é posible ocultar o código desmarcando a opción **Show screen code**.



- Unha vez desmarcado, para volver a facer visible o código na pantalla en calquera momento será preciso lanzar a aplicación **ScreenShare**.

Procedemento de conexión desde Linux Maqueta Abalar

1. Paso previo. Configuración do cliente

O software cliente para a maqueta Abalar é un ficheiro **appimage**, polo que **non precisa instalación** no sistema. Simplemente bastará con outorgar **permisos de execución**.

- Botón dereito do rato sobre o nome do ficheiro.
- Seleccionar **Permisos**.
- Marcar o check "**Permitir a execución do ficheiro como un programa**".
 - Esta configuración quedará establecida de xeito permanente, polo que non será preciso repetir este paso no futuro agás no caso de desmarcado da opción indicada.

Básico	Permisos	Abrir con
Propietario:	Eu	
Acceso:	Ler e escribir	
Grupo:	usuario	
Acceso:	Só lectura	
Outros		
Acceso:	Só lectura	
Executar:	☒ Permitir a execución do ficheiro como un programa	
Contexto de seguranza:	descoñecido	

2. Compartición de información:

- Executar o ficheiro anterior (doble click) e introducir o código de compartición amosado na pantalla.
 - A opción **Auto sharing when connected** permite compartir directamente a pantalla. Se non se marca, o sistema ofrecerá a posibilidade de compartir a pantalla (Content) ou transferir ficheiros (File Trans) entre o dispositivo e o panel.
- Facer click en **Click to Connect**

— ✕

Input PIN code

Please make sure that the computer network and screen transmission equipment are under the same network

|
|
|
|
|
|

↻ 8-digit PIN code

Click to connect

☐ Auto sharing when connected




Content



Setting




More



3. Duplicación do contido (Click to share Content):


- No parte superior do equipo aparecerá a seguinte imaxe, con indicación do panel ao que está conectado e a intensidade do sinal sen fíos para duplicación.
- A opción "**Content**" incorpora un despregable que permite **duplicar o escritorio completo ou unha ventana** en concreto.
- A opción "**Pause**" permite **interromper a duplicación** de xeito momentáneo sen pechar a conexión. Esta opción pode ser útil por exemplo no momento de [introdución](#) de contrasinais.
- A opción "**Stop**" **pecha de xeito definitivo a conexión** establecida para a duplicación. (Para volver a conectarse sería necesario volver a introducir o código de compartición).
- A opción "**DND mode**" (**Do Not Disturb**) **impide a aparición na imaxe duplicada das posibles notificacións** das aplicacións instaladas no sistema.
- A opción "**Touch**" permite o **control inverso** do dispositivo, de xeito que calquera interacción no panel sobre a imaxe duplicada do dispositivo implica actuar sobre o propio dispositivo.
 - A bidireccionalidade das interaccións (control inverso) require dunha configuración adicional que se detalla no punto 5.



4. Transferencia de arquivos (File Trans):

- No caso de transferencia de arquivos (**File Trans**), engadiranse os ficheiros facendo click en **Click to add files** e finalmente premendo en **Send**.
- Aparecerá unha **mensaxe** na parte superior dereita do panel indicando a **solicitude de compartición** e a posibilidade de **consentimento**.
- Os ficheiros enviados almacenaranse na memoria do panel na ruta: **/FileShare**

File transfer

**5. Habilitación do control inverso na maqueta Abalar libre**

- Descargar o arquivo "[uinput.conf](#)"
- Abrir un **terminal** e **iniciar sesión como root**:
 - Teclear o comando **su** (Intro).
 - Introducir o contrasinal (Intro).
- Supoñendo que o ficheiro uinput.conf se gardou no cartafol Descargas, situarse no directorio Descargas mediante o comando:
 - **cd Descargas** (Intro)
- O seguinte paso é copiar o ficheiro anterior á ruta /etc/modules-load.d:
 - **cp uinput.conf /etc/modules-load.d/**
- Cambiar os permisos do ficheiro para permitir o acceso dos usuarios:
 - **chmod 0777 /dev/uinput**
- **Executar** novamente **maxhubscreenshare**: agora xa debería funcionar o control inverso (**touchback**)



NOTA: o comando **chmod 0777 /dev/uinput** non é persistente, polo que sería necesario volver a lanzalo unha vez reiniciado o equipo.

Procedemento de conexión desde Windows**1. Paso previo. Configuración do cliente**

- Descarga e instalación do cliente para Windows (<https://www.meeting-vip.com/share>)


2. Compartición da pantalla

- Execución da aplicación cliente no dispositivo.
- [Introdución](#) do **código de compartición de ScreenShare** que se amosa na pantalla do panel.
- Posibilidade de escoller entre **duplicación de escritorio** e **pantalla de expansión**
 - Modo **escritorio**: permite a duplicación en **espello** da pantalla do dispositivo no panel.
 - Modo **pantalla de expansión**: permite traballar en **modo extendido**, de xeito que o panel funciona como un segundo monitor.
- Previsualización (Preview) > **Click para compartir**



3. Transferencia de archivos


- Seleccionar na pantalla anterior "**Transferencia de archivos**".
- Engadir os ficheiros na zona especificada (ver imaxe)



- O panel pedirá **confirmación** para a recepción do arquivo.
 - Os ficheiros enviados almacénanse na memoria interna do panel na ruta: **/FileShare**

Procedemento de conexión desde dispositivos móbiles Android e IOS


- Pódese instalar directamente a aplicación **ScreenShare** desde a tenda oficial (**Play Store/App Store**). Tamén é posible facelo mediante o escaneo directo do **código QR** anterior.



- Nos dispositivos móbiles con **Android/IOS**:
 - **Non funciona o control inverso**: a interacción co panel non implica en ningún caso interactuar sobre o dispositivo duplicador.
 - A duplicación de imaxe funciona perfectamente
 - O son funciona con determinadas aplicacións. (Por exemplo Youtube).

Android

- Unha vez instalada a app o usuario disporá dunha serie de funcións para duplicación (as funcionalidades poden variar en función da versión de Android do dispositivo duplicador):
 - **Espello de pantalla:** realiza a duplicación da pantalla do dispositivo no panel.
 - **Reproducir vídeos:** permite reproducir na pantalla do panel un vídeo almacenado na memoria local do dispositivo.
 - **Presentar fotos:** permite visualizar na pantalla do panel unha selección de imaxes almacenadas na memoria local do dispositivo.
 - **Compartición de arquivos:** permite o envío de arquivos desde o dispositivo á memoria interna do panel. Os arquivos transferidos almacénanse na ruta: **/FileShare**
 - **Pantalla remota:** permite realizar a compartición de pantalla de xeito inverso, de tal forma que na pantalla do dispositivo visualizárase a pantalla do panel.
 - **Cámara compartida:** permite ver no panel en tempo real a visualización da cámara do dispositivo.



IOS

- No caso de dispositivos con IOS existe posibilidade de compartición vía **AirPlay** ou mediante **app** (escaneo do código QR anterior).

Debes ter en conta que ...

Se non se vai a traballar con duplicación de pantalla recoméndase ocultar o código de compartición para non perder espazo de visualización no panel.

Para impedir a duplicación de pantalla a posibilidade máis cómoda é desactivar o hotspot do panel.

Na duplicación de pantalla sen fíos con dispositivos coa maqueta Abalar e Windows:

- A duplicación de imaxe e son funciona perfectamente.
- Posibilidade de control inverso: de xeito que a interacción co panel implica interactuar sobre o dispositivo duplicador (bidireccionalidade).

En dispositivos móbiles con IOS/Android non é posible o control inverso.

